



# HISTORIA DA LINGUA (I)

A LINGUA GALEGA NA IDADE MEDIA

# 1. GALEGO-PORTUGUÉS

- Nace no século IX como consecuencia da evolución do latín vulgar na zona noroeste da Península Ibérica.
- É a lingua do territorio da Gallaecia, que comprendía o que hoxe é Galiza, Portugal ata Coimbra e parte de Asturias e Castela León.



## 2. PERÍODOS

- Período preliterario (séculos IX-XII): o galego-portugués é unha lingua exclusivamente oral, unicamente existen documentos escritos nun latín deturpado no que se insiren palabras en galego-portugués.
- Período trobadoresco (1200-1350): momento de esplendor da escola lírica galego-portuguesa e unidade lingüística a un e outro lado do río Miño.
- Período postrobadoresco (1350-1500): comezan a xurdir diferenzas entre a maneira de falar ao norte do Miño e ao sur.

## 2.1. PERÍODO PRELITERARIO

Ata o século XII, o galego-portugués vai ser empregado unicamente na **oralidade**, o latín mantívose ata este momento como idioma da escrita (lingua literaria, relixiosa e administrativa).

## 2.2. ACONTECEMENTOS IMPORTANTES NO PERÍODO TROBADORES

- Xa no século XI, Galiza convértese nun dos polos relixiosos e culturais máis importantes da Península Ibérica e do occidente europeo grazas ao Camiño de Santiago.

- Coñecemos co nome de Era Compostelá (séculos XII e XIII) ao período en que Compostela medra como cidade desde o punto de vista económico (crecemento da artesanía e do comercio) e tamén cultural, pois a través do Camiño establécese unha ponte cultural entre Galiza e o resto de Europa. Consecuencia disto é:

- **A literatura medieval.**
- **A arte románica.**

## 2.2.1. PANORAMA POLÍTICO NO PERÍODO TROBADORESICO

- 1128: prodúcese unha **separación administrativa**, non cultural nin lingüística entre Galiza e Portugal.
- Mediados do século XIII:
  - Galiza pasa a depender da coroa de Castela.
  - Unificación das coroas noroccidentais (Galiza, León e Castela) con Fernando III en 1230.
  - Mantemento da unificación con Afonso X a partir de 1252.
- O panorama anterior faille perder moito poder político á nobreza galega.

## 2.2.2. PANORAMA LINGÜÍSTICO E CULTURAL NO PERÍODO TROBADORESICO

O galego-portugués goza dun momento de grande esplendor:

- Convértese na **lingua peninsular da lírica** (cantigas de amor, amigo, escarnio e maldicir).
- Emprégase en todos os ámbitos: **lingua de identidade, familiar, institucional e cultural**, polo tanto, é un idioma plenamente normalizado. O latín vai conservar a función de lingua internacional.
- Vaise empregar en **documentos de carácter público e privado** (testamentos, denuncias...).
- Aparecen as primeiras obras en **prosa literaria e historiográfica**.



## 2.2.3. TEXTOS MÁIS ANTIGOS CONSERVADOS EN GALEGO-PORTUGUÉS

Datados de finais do século XII:

- *Pacto de Gomes Pais e Ramiro Pais.*
- *Noticia de Fiadores.*
- Cantiga «Ora faz ost'o senhor de Navarra», Joan Soarez de Paiva.
- *Noticia de Torto.*
- *Testamento de Afonso II de Portugal.*



## 2.3. PANORAMA POLÍTICO E LINGÜÍSTICO NO PERÍODO POSTROBADORESCO

### - Século XIV:

- **Guerra de sucesión** pola coroa de Castela entre **Pedro I** e **Henrique de Trastámara**.
  - Este último resulta vencedor e trae para Galiza membros da aristocracia castelá que teñen como lingua o castelán.

### - Século XV:

- Novo **conflicto sucesorio** entre **Xoana a Beltranexa** e **Isabel a Católica**. Esta última é a vencedora e da súa vitoria derívase o seguinte:
  - Ocupación de Galiza sometendo a nobreza e introducindo clase dirixente foránea que fala castelán.
  - Imposición do uso obrigatorio do castelán en todos os documentos, que supón o abandono paulatino do galego como idioma oficial da escrita.